

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. Carlos Liñares Gestal

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día trece de setembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Carlos Liñares Gestal.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 6 DE SETEMBRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 6 de setembro de 2021.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais curtos de comercialización, e se procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. BOE núm. 218 do 11-09-2021.
- Orde ICT/951/2021, do 10 de setembro, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en

zonas turísticas e se procede a súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. BOE núm. 218 do 11-09-2021.

- Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrência competitiva. BOE núm. 219 do 13-09-2021.
- Resolución do 8 de setembro de 2021, do Ministerio de Igualdade -Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero-, de transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero para o exercicio 2021. BOE núm. 219 do 13-09-2021.
- Anuncio do 2 de setembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, de levantamento de actas previas á ocupación relativa á expropiación DP 3104 variante aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (Culleredo). BOP núm. 170 do 07-09-2021.
- Anuncio do 2 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada dos meses de marzo e abril de 2021. BOP núm. 171 do 08-09-2021.
- Anuncio do 9 de setembro de 2021, do Consorcio As Mariñas, de exposición pública da Conta Xeral do Consorcio "As Mariñas" correspondente ao exercicio 2020. BOP núm. 173 do 10-09-2021.
- Anuncio do 3 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira, D.^a Marta María Iglesias Becerra, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre S.B.V.-G. e A.B.F. o día 3 de setembro de 2021 ás 14.30 horas. BOP núm. 174 do 13-09-2021.
- Anuncio do 3 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre J.Y.C. e I.G.V. o día 4 de setembro de 2021 ás 9.00 horas. BOP núm. 174 do 13-09-2021.
- Anuncio do 3 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.V.C. e G.C.A. o día 4 de setembro de 2021 ás 10.00 horas. BOP núm. 174 do 13-09-2021.
- Anuncio do 3 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira, D.^a María Penélope López Díaz, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre N.-R.P.P. e D.D.M. o día 4 de setembro de 2021 ás 14.30 horas. BOP núm. 174 do 13-09-2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria xeral dá lectura ao escrito do Sr. concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 10 de setembro de 2021, que cos datos anonimizados di:

"A concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos, en uso da delegación outorgada pola resolución de data do 18 de xuño de 2019, dá conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 13/09/2021, das seguintes resolucións:

- Resolución número CUL/RES/1615/2021 do 03/09/2021 pola que se aproba o Plan de seguridade y salud de la obra de *"Recuperación del camino de Santiago en la rúa Choeira y en la rúa Catas – Almeiras., entre el p.k. 0+000-0+237 y el p.k. 0+539-0+702,5 (núcleos de A Choeira y Catas), Lote 1."*, redactado por

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL, y firmado digitalmente con fecha 04/08/2021 por Luis Felipe López Saco, y con el C. V. 1Q1D6H0Y396O1Y4219X2.

- Resolución número CUL/RES/1611/2021 de data do 03/09/2021 pola que se aproba o Plan de seguridad y salud de la obra de "Mejora y adecuación en el centro social de Celas", redactado por I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL, y firmado digitalmente con fecha 05/08/2021 por Iván Rumbo Ramos y por José Alberto Rumbo Ramos, y con el C. V. 0N5Y5H0S4L4H4R6P1AWD.
- Resolución número CUL/RES/1612/2021 de data do 03/09/112 pola que se aproba o Plan de seguridad y salud de la obra de "Reforma y ampliación del centro cívico y social de Sueiro", redactado por I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL, y firmado digitalmente con fecha 05/08/2021 por Iván Rumbo Ramos y por José Alberto Rumbo Ramos, y con el C. V. 146O3F2U72105K040XU6.
- Resolución número CUL/RES/1613/2021 de data do 03/09/2021 pola que se aproba o Plan de seguridad y salud de la obra de "Mejora de la seguridad vial en zona escolar", redactado por I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL, y firmado digitalmente con fecha 05/08/2021 por Iván Rumbo Ramos y por José Alberto Rumbo Ramos, y con el C. V. 114J6U1B603L4U520FGK.
- Resolución número CUL/RES/1591/2021 de data do 31/08/2021 pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca TOYOTA COROLLA, matrícula 5147LRS de 5 prazas, número de identificación SB1Z53BE70E077877, en substitución do vehículo 6429JYW, ao entender que cumpre todos os requisitos, e se da traslado á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade, para os efectos de que efectúe o informe sobre a concurrencia das esixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana, de acordo co establecido no artigo 3 do Decreto citado.
- Resolución número CUL/RES/1609/2021 do 03/09/2021 pola que se autoriza o uso especial pola COMUNIDADE DE GARAXES DA AVDA. DE VILABOA NÚM. 38-42 E CRTA. DE SOUTO 2, dos terreos de dominio público municipal afectados pola obra de REPOSICIÓN DE 12 M2 DE TERRAZO NA BEIRARRÚA DA PASAXE DOS GARAXE situada na Avd. de Vilaboa 38-42 e estrada de Souto, parroquia de Rutis.
- Resolución número CUL/RES/1614/2021 do 03/09/2021 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Renovación do parque infantil da Praza Europa", redactado por GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, SL, e asinado dixitalmente por José Ramón Pedrosa Jiménez en data do 23/08/2021, e que ten o C. V. 635V0I003T4U2U1J0F3H.
- Resolución número CUL/RES/1610/2021 del 03/09/2021 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 143: N° microchip: 941000018928561, especie canina, raza Dobermann, propiedade da licenza número 164.
- Resolución número CUL/RES/1616/2021 de data do 06/09/2021 pola que se aproba o Plan de seguridad y salud de la obra de "Ampliación del centro cívico de Sésamo", redactado por CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL, y firmado digitalmente con fecha 27/08/2021 por Arturo Rodríguez Rodríguez, y con el C. V. 2E0J6S6N20605M0V0F6H.
- Resolución número CUL/RES/1618/2021 de data do 07/09/2021 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 165, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, ao DNI núm. ***0481**."

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02YH	USG/2021/149
Código de Verificación Electrónica (COVE)  061Y 4P1K 6J4Z 1Z0H 0Y8F	

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H